

Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autonómica, co enderezo para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e enderezo para notificación preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións ao:

Informe das medidas adoptadas en aplicación do protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID - 19, Consellería de Medio Rural - Finalización primeira fase

EXPOÑO:

- Neste informe sobre a Finalización da primeira fase seguen a incidir nos mesmos erros que xa reclamamos nas alegacións o anterior informe de Actuacións preliminares, encontramos de novo cun informe xenérico e cunha recopilación numérica dos diferentes empregados públicos que traballan en cada centro directivo, e dicir un informe para saír do paso e dar o tramite por cumprido, sen ter en contra as diversas peculiaridades que contan os diferentes servizos de traballo da Consellería de Medio Rural
- O informe debe conter a identificación individualizada dos postos, non dar só cifras. Debe identificar as medidas a tomar en cada tipo de posto e centro directivo . As medidas destes centros directivos deben ser comprobadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) o que tamen debera estar sinalado no informe.
- A Avaliación de riscos ten que efectuarse en todos os centros así como en todos os postos e incluír as zonas comúns, zonas de tránsito, aseos, equipos de uso común, e labores ou funcións específicas dos postos adscritos neses centros. É importante que nesta Avaliación veña a identificación deste risco biolóxico e da súa probabilidade así como as medidas preventivas previstas no plan de acción.
- O teletraballo COVID é unha necesidade da empresa, neste caso a administración para continuar o seu funcionamento e non estar paralizada durante a emerxencia sanitaria. Non pode ser considerado un permiso ao persoal. Polo mesmo reclamamos que o teletraballo COVID continúe ata o ultimo momento e se fomenten medidas organizativas para que o persoal de campo que ten que realizar entrega de documentación ou consulta de expedientes non coincida mesmo espazo de traballo e ao mesmo tempo, implantando sistemas tamén de teletraballo, dandolle a todo o persoal susceptible de teletraballar o acceso as aplicacións necesarias para desenvolver o seu traballo con total normalidade. Solicitamos información das solicitudes de teletraballo COVID, de como esta funcionando, dos mecanismos de seguimento...

- Temos persoal que convive con xente de risco, reclamamos que unha vez xustificada a circunstancia se facilite a súa flexibilidade no traballo para a non coincidencia con outras persoas e o teletraballo con carácter preferente, para evitar elevar o risco de contaxio e lévalo para a súa casa
- Recordamos a necesidade de que o persoal sensible non se incorpore ao traballo ata a resolución da súa solicitude. Ao tempo pedimos información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resolven con baixa,...e en que estado esta o proceso de resolución das mesma. Engadir tamén que no caso de incorporación de este persoal tralo informe do Servizo de Prevención de riscos se vixile escrupulosamente que se están a cumprir as medidas de protección que figuran no informe de cada traballador sensible xa que algúns traballadores/as nos transmiten algunhas eivas neste senso.
- Solicitamos información da previsión que ten a Consellería a partir do 15 de xuño. Recalcamos a necesidade de medidas de conciliación así como de continuar co teletraballo.
- Na última xuntanza do CSSLMR chegouse o acordo de que desde a Administración se nos remitirían os informes de incorporación dos 14 centro do AGACAL e a día de hoxe non se nos achegou nada destes 14 informes relativos a cada un dos centros dependentes da AGACAL.
- A nivel temporal reiteramos a necesidade de ampliar o teletraballo COVID tamén nesta segunda fase e amplíalo mais alá do RD lei 8/2020 que en relación ao mantemento do teletraballo como medida organizativa mais segura e acaida para evitar a concorrencia nos centros fai que non debamos suspender esta medida cunha volta improvisada ao traballo presencial e sen garantías de seguridade. En canto ao ámbito temporal desta medida, a alínea primeira da disposición derradeira décima do mesmo RDL 8/2020 establece que se mantén até un mes despois do fin da vixencia do estado de alarma, declarado inicialmente mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Posteriormente, o artigo 15 do Real Decreto-lei 15/2020, do 21 de abril, prorrogou a súa vixencia durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia inicialmente prevista, e sen prexuízo das prórrogas adicionais que poida acordar o Goberno español. En conclusión, a duración mínima das medidas que se conteñen baixo a rúbrica «Carácter preferente del trabajo a distancia» **será a duración do estado de alarma coas correspondentes prórrogas e tres meses máis.** (A día de hoxe, o estado de alarma está prorrogado até ao 07/06/2020, en virtude da Resolución do 20/05/2020, do Congreso dos Deputados).
- Así o artigo 5 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-19, establece pola primeira o carácter preferente do teletraballo, como sistema organizativo idóneo para evitar a transmisión da doenza e, nomeadamente, para garantir a continuación da actividade laboral en condicións de normalidade após a

crise sanitaria. Os prazos teñen que concordar coa lexislación do estado co decreto de alarma . Compre actuar neste sentido e facilitar medidas organizativas polas que se poda aumentar as xornadas de teletraballo (concentrando xornadas de inspeccións ou tarefas de campo e deixando traballo de oficina noutros días para teletraballo)

- Como medida non se reflicte un plan de limpeza e hixiene de centros e instalacións, con especificación do cadro de persoal e horarios ou tempos. Dende a CIG creemos que é fundamental reforzar as labores así coma as superficies de cara a prevención do risco e que sexan realizadas por persoal especializado
- Habería que revisar a implantación de certas cuestións recollidas nos protocolos específicos da Consellería do Medio Rural e do SPIF. Hai certa confusión coas solucións desinfectantes(de vehículos fundamentalmente) que poden xerar perigo de intoxicacións, existen puntos de encontro e zonas de vestiarios e duchas sen zona sucia e limpa diferenciadas(concepto fundamental para minimizar o risco de contaxio), todo o persoal debe ter a título individual un bote con disolución para garantir a limpeza de mans en calquera momento
- A formación tería que ser unificada e exhaustiva
- O protocolo de reincorporación fai referencia a que se dotou do equipamento de traballo suficiente para que o persoal non teña que compartilo. Desde a CIG entendemos que o tipo e a cantidade de material repartido debería vir especificado por posto de traballo.
- Con respecto ao SPIF terían que implantarse cuestións organizativas para manter a operatividade pero mellorando a seguridade do persoal nos traballos de extinción e prevención de incendios. Establecer o binomio brigada-motobomba e un sistema de quendas de 10 horas para minimizar a rotación do persoal e así reducir a posibilidade de contaxio

E por iso, **SOLICITO:**

A corrección do informe nas seguintes cuestións coa paralización cautelar da implantación da segunda fase ata a súa resolución:

- Que en dito informe se recolla a identificación dos postos, os que teñen teletraballo, os que non, identificar o postos esenciais así como aqueles que non traballan nas oficinas como pode ser o persoal campo, a identificación das medidas se van a tomar. E unha vez elaborado o informe se ratifique polo servizo de prevención de riscos.
- Se realice a avaliación de riscos dos centros e das medidas adoptadas en cada un deles (Distritos forestais, OACs,...) así como de todos os postos, incluíndo aseos,

fotocopiadoras, zonas de tránsito,... Reclamamos a aplicación de medidas organizativas.

- Solicitamos que se nos remitan os 14 informes de incorporación dos 14 centros dependentes da AGACAL
- Se recolla a **continuidade do teletraballo COVID, ata o último momento sinalado pola normativa do Estado, e que se fomente** este e as medidas organizativas para que o persoal de campo poda realizar os seus informes ou trámite de expedientes dende o teletraballo ou con medidas que eviten coincidir no mesmo espazo de traballo ao tempo.
- Información de cantas solicitudes de teletraballo COVID; diferenciado do teletraballo ordinario. Solicitamos que se informe como esta funcionando, se existe un sistema de de seguimento.
- Medidas organizativas que faciliten ao persoal que conviva con xente de risco, e unha vez xustificada esa circunstancia, a flexibilidade no seu traballo para non coincidir en espazos ou franxas horarias que eleven o risco de contaxio e de levalo para a súa casa
- Que o persoal sensible non se incorpore ao traballo ata a resolución da súa solicitude. Ao tempo pedimos información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resolven con baixa,...e en que estado esta o proceso de resolución das mesmas. No caso de incorporación de este persoal tralo informe do Servizo de Prevención de riscos vixiarase escrupulosamente que se estean a cumprir as medidas de protección que figuran no informe de cada traballador sensible xa que algúns traballadores/as nos transmiten algunhas eivas neste senso. Non se deberían facer tarefas por parte deste persoal que supoñan coincidencia con outro persoal salvo o estritamente necesario
- Información da previsión que ten a Consellería a partir do 15 de xuño. Recalcamos a necesidade de medidas de conciliación así como de continuar co teletraballo.
- A implantación dun plan de limpeza e hixiene de centros e instalacións con especificación do cadro de persoal e horarios ou tempos
- Informar a todo o persoal de campo que a o produto mais seguro. estable e eficaz para limpeza de vehiculos é o **peróxido de hidróxeno ao 1%**
- O establecemento da división de zonas sucias e limpas nas instalacións compartidas(puntos de encontro, vestiarios e duchas do resto dos centros...)
- Formación unificada e exhaustiva para todo o persoal da Consellería en protocolos do SARS-COV-2
- Inclusión de tódolos protocolos de incorporación no informe de medidas adoptadas na primeira fase



Confederación Intersindical Galega – CIG-Autónomica
Edif. Administrativo San Caetano – 15781 Santiago de Compostela
www <http://autonomica.cigadmon.gal>
telegram <http://t.me/cigautonomica>
twitter @CIGAutonomica
facebook CIG Autonomica



- Implantación de medidas organizativas para minimizar o risco de contaxio: evitar a asistencia aos distritos salvo por cuestións imprescindibles, binomio brigada-motobomba, quendas de 10 horas
- O suministro de EPIS axeitados de prevención e extinción para garantir a protección contra o SARS-COV-2

Compostela, 4 de xuño de 2020

Asdo. Zeltia Burgos Tortosa

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL